



Concello de Baralla

CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA

Miguel González Piñeiro, Alcalde do Concello de Baralla, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O Concello de Baralla, en pleno exercicio das súas atribucións e co firme propósito de recoñecer as contribucións extraordinarias dos seus cidadáns ilustres, propón o nomeamento do Dr. Manuel Germán López Pardo como Fillo Predilecto do noso municipio. Nacido na parroquia de Pousada, Baralla, en 1931, Manuel Germán López Pardo destacou non só polo seu profundo amor pola súa terra natal, senón tamén polo seu compromiso co benestar e a saúde da comunidade lucense.

Como médico traumatólogo, dedicou a súa vida para aliviar o sufrimento humano e a garantir unha atención sanitaria de calidade. En 1967, o Dr. López Pardo fundou o hospital "Nosa Señora dos Ollos Grandes" en Lugo, un centro que desde a súa creación foi pilar fundamental na atención médica da provincia.

A súa iniciativa e liderazgo transformaron a infraestrutura sanitaria da Provincia, contribuíndo ao progreso e ao benestar de xeracións.

Polos seus méritos profesionais, o seu espírito humanitario e o seu legado indeleble na medicina e na nosa comunidade, o Concello de Baralla considera un deber honrar a súa figura, destacándoo como un exemplo para todos.

Así, propoño formalmente o seu nomeamento como Fillo Predilecto, recoñecendo con gratitude e orgullo a súa contribución ao prestixio da nosa terra.

Polo anterior, **CONVOCO** ao Pleno da Corporación de Baralla, á celebración de sesión plenaria extraordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa Consistorial o vindeiro luns, día 25 de novembro de 2024, ás trece horas, figurando coma punto único da orde do día:

Nomeamento do Doutor Manuel Germán López Pardo, fillo predilecto do Concello de Baralla

En Baralla, a 20 de novembro de 2024

O Alcalde

Ante mío; O Secretario

